



PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

IES AGRA DE LEBORÍS

CURSO 2022-2023

INDICE

	Pax.
1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN	4
1.1. Marco normativo de referencia	4
1.2. Datos básicos do centro	9
1.3. Contextualización do plan segundo o noso proxecto educativo	11
2. ANÁLISE DA REALIDADE DO CENTRO	13
2.1. Datos específicos relacionados cos estilos de vida	13
2.2. Ámbitos temporais de actuación	16
2.3. Análise diagnóstica DAFO	17
3. OBXECTIVOS	21
4. LIÑAS DE ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES A REALIZAR	22
Liña 4.1. A vida activa, saudable e autónoma por parte da comunidade educativa	22
Liña 4.2. O selo de vida saudable do Ministerio de Educación e Formación Profesional	23
Liña 4.3. A práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar	24
Liña 4.4. As datas conmemorativas sobre hábitos relacionados coa correcta alimentación	25
Liña 4.5. Os primeiros auxilios básicos ante lesións e accidentes e emprego da caixa de primeiros auxilios	26
Liña 4.6. As aprendizaxes específicas dende os ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico para mellorar a vida activa e saudable	27
Liña 4.7. O benestar emocional do alumnado coa a realización de actividades físico-deportivas	29
Liña 4.8. O plan proxecta: proxecto de vida activa e deportiva	30



	Pax.
Liña 4.9. Os principais problemas de saúde e medidas a seguir no contexto escolar, priorizando os casos do alumnado con problemas de saúde e activando a alerta sanitaria	31
Liña 4.10. Os hábitos de estilos de vida saudables nas familias	32
Liña 4.11. As colaboracións coa Concellería de Deportes, o centro de saúde e os clubs deportivos	33
5. RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS	34
5.1. Recursos humanos	34
5.2. Recursos materiais	35
5.3. Recursos organizativos	35
6. AVALIACIÓN DO PLAN	36
6.1. Criterios de avaliación	36
6.2. Procedementos de avaliación	37
6.3. Instrumentos de avaliación	37
6.4. Indicadores de logro	37
7. DIFUSIÓN DO PLAN	39
8. ANEXO. Actividade específica “Gardas Activas”	41



1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

1.1. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA

A **Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola **que se modifica a Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación (**LOMLOE**), derogou a LOMCE e introduce modificacións na LOE.

Baseándose en principios como o **respecto aos dereitos da infancia, a educación inclusiva, a equidade, a igualdade de xénero e a orientación educativa e profesional**, a LOMLOE establece os seguintes **fins do sistema educativo**, a maioría contemplados na LOE:

- Pleno desenvolvemento da **personalidade e capacidades** de alumnos/as.
- Educación no respecto aos **dereitos e liberdades fundamentais, igualdade de dereitos e non discriminación**.
- Educación no exercicio da **tolerancia e a liberdade** dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos.
- Educación na **responsabilidade individual, mérito e esforzo persoal**.
- Formación para a **paz, respecto aos dereitos humanos, aos seres vivos e ao medio ambiente**.
- Desenvolvemento da capacidade dos estudantes para **regular o seu propio aprendizaxe**.
- Formación no **respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural** de España e da interculturalidade como elemento enriquecedor da sociedade.
- Adquisición de **hábitos de traballo** en todos os ámbitos de coñecemento.
- Capacitación para o **exercicio de actividades profesionais, actividades de coidado e de colaboración social**.
- Capacitación para a **comunicación en lingua oficial, cooficial e estranxeira**.
- Preparación para o exercicio da **cidadanía e a participación activa na vida económica, social e cultural**.
- Capacitación para garantir a plena **inserción do alumnado na sociedade dixital**.

No **DECRETO 156/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da **Educación Secundaria Obrigatoria** na Comunidade Autónoma de Galicia.

No **Título preliminar**, nas Disposicións xerais, no **Artigo 7**. Obxectivos da etapa, concrétese o seguinte obxectivo:

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

No **Título I**, de Organización e desenvolvemento, no **CAPÍTULO II Desenvolvemento do currículo**, no **Artigo 18**. Elementos transversais, concrétese o que segue:

2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

O **Título III** dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionarlle ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI. Regúlanse certos aspectos das bibliotecas escolares e o fomento da lectura, e do proceso de educación dixital, en que a promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia. Igualmente, faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento.

No **Artigo 38**. Promoción de estilos de vida saudables, establece os seguintes puntos:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu **proxecto educativo e funcional** un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da



práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

Por outro lado, tomado como referencia ás Competencias clave, podemos priorizar a que segue:

CPSAA- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de facerlles fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

No DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no Título preliminar, nas Disposicións xerais, no Artigo 7. Obxectivos da etapa, concréntanse os seguintes obxectivos:

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.



o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

No CAPÍTULO II, de Desenvolvemento do currículo, no Artigo 19. Elementos transversais, concrétnanse os seguintes puntos:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.
2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.
3. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

O **Título III** dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionar ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI. Regúlanse certos aspectos das bibliotecas escolares e o fomento da lectura, e do proceso de educación dixital, no que a promoción do uso das tecnoloxías da información e da comunicación constitúe un factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e

oportunidades para o éxito educativo en Galicia. Igualmente, **faise fincapé na promoción de estilos de vida saudables entre o alumnado desta etapa, esencial para o seu desenvolvemento.**

No Artigo 36. Promoción de estilos de vida saudables, establece o seguinte punto:

1. Os centros docentes deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional, un **plan de actividades físicas e hábitos saudables** coa finalidade da promoción da práctica de deporte e exercicio físico e dunha vida activa, saudable e autónoma por parte das alumnas e dos alumnos, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.

Atendendo as **competencias profesionais docentes**, estruturase en tres áreas: pedagóxica, profesional e social.

- Na área **pedagóxica** abarca a competencia didáctico-metodolóxica, a competencia comunicativa e a competencia dixital.
- Na área **profesional** abarca a competencia en desenvolvemento profesional, e a competencia en organización escolar e colaboración.
- Na área **social** abarca a competencia en **saúde, seguridade e benestar social**, e a competencia inclusiva, social e cidadá.

Na competencia en **saúde, seguridade e benestar** no descriptor competencial de **xestión e promoción do benestar e desenvolvemento físico**, búscase facilitar, a través da innovación educativa, a investigación e a aplicación de metodoloxías axeitadas, que o conxunto da comunidade educativa se implique e adopte un estilo de vida saudable baseado:

- Na calidade nutricional da dieta,
- Na práctica da actividade física,
- Na redución de condutas sedentarias e
- Na prevención das dependencias e do consumo de substancias que serán adicción.

Para cada un dos descritores nos que se organizan todos os indicadores aténdese a tres niveis:

- **Básico:** adquire e transmite coñecementos sobre a saúde física e propugna actitudes axeitadas para o desenvolvemento físico integral do alumnado, promovendo, con orientación e apoio por parte do profesorado con experiencia e especialistas na materia, a implantación dun estilo de vida saudable.

- **Medio:** promove activamente un clima escolar axeitado para o correcto desenvolvemento físico e protector integral da saúde, traballando na autonomía do alumnado relativa ao coidado do seu corpo e aplicando medidas preventivas de condutas sedentarias e adiccións.
- **Avanzado:** deseña accións destinadas a promover un estilo de vida saudable na escola, define e implementa medidas de prevención de situacións de risco sanitario, e orienta e forma o profesorado do centro en materia de saúde e desenvolvemento físico integral.

(Fonte: Congreso sobre as competencias profesionais docentes celebrado con data 29 de marzo de 2023 en Santiago de Compostela).

Segundo o establecido nos obxectivos específicos do noso Proxecto Educativo e Funcional:

Dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable, buscando o incremento diario de actividade física que realiza o alumnado.

1.2. DATOS BÁSICOS DO CENTRO

Nome do centro	IES Agra de Leborís
Código de centro	15027654
Correo do centro	ies.agra.leboris@edu.xunta.gal
Web do centro	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesagraleboris/
Teléfono de contacto	881880676
Enderezo	R/Manuel Murguía s/n – A Laracha

Datos do PEC respecto ás etapas educativas no curso 2021-2022

Etapas	Liñas	Alumnado
ESO	4 liñas por nivel da ESO Desdobre dos grupos de 1º e 2º da ESO	410
Bacharelato	1 liña da Modalidade Ciencias por nivel 1 liña Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais por nivel	102
Total alumnado		512

Datos do PEC respecto ás etapas educativas no curso 2022-2023

Etapa	Liñas	Alumnado
ESO	Liña 4 en 1º e 3º da ESO Liña 5 en 2º da ESO (por desdobre) Liña 3 en 4º da ESO	523
Bacharelato	2 liñas na Modalidade Ciencias e Tecnoloxía en 1º de Bacharelato 1 liña na Modalidade de Ciencias en 2º de Bacharelato 1 liña Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais por nivel de Bacharelato.	

Datos do PEC respecto do profesorado no curso 2021-2022 e curso 2022-2023

Departamentos	CURSO 2021-2022		CURSO 2022-2023	
	Mestres	PES	Mestres	PES
Biología e Xeoloxía	0	3	0	3
Física e Química	0	3	0	2
Economía	0	1	0	1
Educación Física	0	3	0	2
Educación Plástica	0	2	0	2
Filosofía	0	1	0	2
Latín	0	1	0	1
Lingua Galega e Literatura	0	4	0	4
Lingua Castelá e Literatura	1	3	1	3
Lingua Estranxeira Inglés	0	3	0	3
Lingua Estranxeira Francés	0	2	0	3
Matemáticas	0	5	0	5
Música	0	2	0	1
Orientación Educativa	2	2	0	2
Relixión	0	2	0	2
Tecnoloxía	0	3	0	3
Xeografía e Historia	0	4	0	3

1.3. CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN SEGUNDO O NOSO PROXECTO EDUCATIVO

O centro está situado no concello da Laracha, na comarca de Bergantiños. Atópase na Rúa Manuel Murguía, xunto á Biblioteca Municipal e moi preto da Casa da Cultura e da piscina. Estamos a 24,8 Km da Coruña e a 11,3 Km de Carballo.

O mapa da situación xeográfica do Concello, na estrada AC 552 que vai da Coruña a Fisterra:



Acolle alumnado de todo o concello e localidades limítrofes. Os centros adscritos ao noso instituto son:

- O CEIP Ramón Otero Pedrayo da Laracha.
- O CEIP Alfredo Brañas de Paiosaco.
- O CEIP de Caión.

Segundo datos aportados polo propio Concello da Laracha a poboación coa que conta é de 11.602 habitantes, segundo os datos do padrón municipal a 20 de xuño de 2021.

O termo municipal ten unha extensión de 125,95 km² repartidos en 13 parroquias e máis de 300 núcleos de poboación, dos cales soamente tres son urbanos. Precisamente nas vilas da Laracha, Paiosaco e Caión residen practicamente a metade dos habitantes, sendo a outra metade veciños/as residentes en zonas rurais.



Nos últimos anos estase a rexistrar un progresivo aumento da poboación, circunstancia que se fixo aínda máis notable desde a pandemia do coronavirus.

Durante décadas a agricultura e gandaría foron os motores económicos do municipio, que foi considerado como *graneiro de Galicia* pola súa alta produción debido á fertilidade da terra. A día de hoxe ditas actividades seguen tendo certa importancia e contan con profesionais de primeiro nivel, aínda que a maioría das explotacións son de pequena entidade e mesmo de autoconsumo.

Na única saída ao mar do municipio, a vila de Caión, o sector pesqueiro que, tan importante foi décadas atrás, perdeu gran relevancia en favor das embarcacións de recreo.

A día de hoxe os sectores económicos máis importantes do Concello da Laracha son os servizos, o turismo, a construción e especialmente o industrial, grazas á implantación de firmas de primeiro nivel nacional e mesmo mundial no parque empresarial.

Tendo en conta a contextualización do noso proxecto educativo, en proceso de permanente actualización, concréntanse aqueles plans e proxectos específicos que se van desenvolver, incluíndose agora o propio plan de promoción de estilos de vida saudables que se integra como un documento máis de traballo de especial relevancia.

2. ANÁLISE DA REALIDADE DO CENTRO

2.1. DATOS ESPECÍFICOS DO ALUMNADO RELACIONADOS COS ESTILOS DE VIDA

- Enquisas ao alumnado

No Departamento de Educación física, no inicio de cada curso escolar, solicítase ao alumnado que traia cuberta e asinada da casa unha “Ficha de Saúde”, con datos e información relevante para ter en conta nas clases prácticas da materia. Nesta ficha solicítase, ademais, información acerca da actividade física practicada na actualidade e da practicada anteriormente, se está federado/a, club, etc.

Con estes datos, podemos facer unha valoración xeral da actividade física realizada polo alumnado do IES Agra de Leborís neste curso 2022-2023:

	Alumnado que SI practica algunha Actividade Física de forma habitual	Alumnado que NON practica ningunha Actividade Física de forma habitual
1º ESO	57,0%	43,0%
2º ESO	63,0 %	37,0 %
3º ESO	56,7 %	43,3 %
4º ESO	63,0 %	37,0 %
1º BACHARELATO	55,0%	45,0 %
2º BACHAREALTO*	58,5 %	41,5 %

* O alumnado de 2º de Bacharelato non contan coa materia específica de Educación Física. Pasóuselle unha enquisa específica no que se lle pregunta tamén ao alumnado que non practica actividade física o seguinte:

- Practicabas actividade física anteriormente?: o 100% responde que si.

- Por que non practicas actividade física na actualidade?

Nesta cuestión, o 79% do alumnado de 2º de Bacharelato que non realiza actualmente ningunha actividade física (e non cursan Educación Física, é dicir, non realizan nada en horario lectivo nin fóra deste) alegan falta de tempo polos estudos.

Este dato considérase significativo, de aí importancia que ten poder ofertar unha materia de libre disposición de centro en 2º de Bacharelato, “Actividade física e saudable”, que implique a realización de actividade física, xa que para moito alumnado sería a única hora á semana na que poderían facer exercicio controlado por un profesional favorecendo o seu benestar emocional. O curso de 2º de Bacharelato considérase que pode implicar un alto nivel de ansiedade cara os estudos (en especial pola preparación das ABAU), polo que sería fundamental realizar actividade físico-deportiva coa finalidade de favorecer unha mellora na saúde física e mental.

	Alumnado que SI practica algunha Actividade Física de forma habitual	Alumnado que NON practica ningunha Actividade Física de forma habitual
ESO	60,00 %	40,00 %
BACHARELATO	56,75 %	43,25 %

MEDIA ALUMNADO IES AGRA DE LEBORÍS	Porcentaxe
Alumnado que SI practica algunha Actividade Física de forma habitual	58,8 %
Alumnado que NON practica ningunha Actividade Física de forma habitual	41,2 %
Alumnado que practicou actividades físicas anteriormente	100%

DEPORTES/ACTIVIDADES FÍSICAS MÁIS PRACTICADOS: Fútbol, baloncesto, salvamento, patinaxe e baile.



- Enquisas ás familias

En proceso de elaboración e implementación para completar a análise diagnóstica a nivel de toda a comunidade educativa. Realizarase en cursos posteriores.

- Datos básicos de saúde (Pediatria do Centro de Saúde de A Laracha)

En proceso de elaboración e implementación para completar a análise diagnóstica a nivel de toda a comunidade educativa con axentes externos. Realizarase en cursos posteriores.

- Datos específicos a nivel de Concello (actividades no medio ambiente, actividades deportivas...)

En proceso de elaboración e implementación para completar a análise diagnóstica a nivel de toda a comunidade educativa con axentes externos. Realizarase en cursos posteriores.

Actividades que se están realizando actualmente ou se van realizar	
<p>Materias</p> <p>Departamento de Educación Física</p>	<p>ESO:</p> <p>Todos os niveis: “Educación Física” (de dúas sesións)</p> <p>2º ESO: Materia optativa : “Promoción de estilos de vida saudables” (de 1 sesión), (a extinguir polo novo marco normativo a desenvolver da LOMLOE)</p> <p>2º ESO: Materia Libre Disposición de centro: “Afondamento en Educación Física” (de 1 sesión) a partir do curso 2023-2024.</p> <p>BACHARELATO:</p> <p>1º de Bacharelato. “Educación Física” (de 3 sesións).</p> <p>2º de Bacharelato. Materia de Libre Disposición: “Actividade física e saudable” (de 1 sesión) a partir do curso 2023-2024.</p>
<p>Plan Proxecta</p>	<p>Proxectos de Vida Activa e Deportiva. PDC. Proxecto coordinado polo Departamento de Educación Física.</p> <p>Dende o curso 2020-2021 ata a actualidade.</p>

Actividades complementarias e extraescolares	Específicas do Departamento de Educación Física. Coordinadas con outros Departamentos e Equipos. Coordinados todos pola Vicedirección.
---	--

2.2. ÁMBITOS TEMPORAIS DE ACTUACIÓN

A nosa realidade debe incluír a relación de actividades realizadas polo noso centro educativo recollido nas memorias do Plan Proxecta dende o seu inicio no curso 2020-2021, que atende a catro ámbitos temporais:

- Ámbito temporal 1. Fóra do centro e fóra do horario lectivo.
- Ámbito temporal 2. Dentro do centro e dentro do horario lectivo.
- Ámbito temporal 3. Fóra do centro e dentro do horario lectivo.
- Ámbito temporal 4. Dentro do centro e fóra do horario lectivo.

ÁMBITO TEMPORAL 1: FÓRA DO CENTRO E FÓRA DO HORARIO LECTIVO

Actuacións e actividades

1. Promoción da participación do alumnado e da comunidade educativa en carreiras populares, camiñadas, rutas, eventos deportivos etc., a nivel individual (todo o curso)
2. Asesoramento para facer actividade física en familia durante os períodos de vacacións ou confinamentos.

ÁMBITO TEMPORAL 2: DENTRO DO CENTRO E DENTRO DO HORARIO LECTIVO

Actuacións e actividades

1. Recreos Activos no pavillón (tenis mesa, bádminton, patinaxe, ultimate, habilidade co balón, xogos de tiros a canastra,...). Todos os días.
2. Organización de ligas de bádminton. 2º trimestre.
3. Organización de espazos deportivos no centro, para favorecer a participación das alumnas. Distribución de distintas zonas no pavillón ou ximnasio para facilitar que todo o alumnado poida realizar unha actividade física de acordo aos seus gustos e intereses. Todos os días. Recreos activos.
4. Realización de campañas de promoción da actividade física e da saúde (tamén en

Francés). 2º trimestre.

5. Realización de enquisas de hábitos de actividade física para coñecer o consumo diario/semanal de actividades física do alumnado, os seus gustos e intereses, na materia de Promoción de Estilos de Vida Saudable. 2º trimestre.
6. Organización dun taller de primeiros auxilios. 2º trimestre (6 marzo)
7. Organización de xornadas deportivas en días especiais (Magosto, Entroido, Letras Galegas) e Día da Educación Física. 1º, 2º e 3º trimestre.
8. Organizar camiñadas ao redor do centro durante as horas de garda.

ÁMBITO TEMPORAL 3. FÓRA DO CENTRO E DENTRO DO HORARIO LECTIVO

Actuacións e actividades

1. Actividades no medio natural. Saídas para coñecer o patrimonio cultural e natural da contorna. Setembro/outubro – xuño
2. Escalada no rocódromo coa asociación AMI. Xaneiro de 2023
3. Patinaxe sobre xeo. Xaneiro- febreiro de 2023
4. Celebración de días especiais con eventos/actividades físico-deportivas fóra do centro (Correlingua), etc. 3º trimestre.
5. Xornada de actividades acuáticas: vela, kayak, etc. Maio- xuño.
6. Día da Educación Física na rúa. 26 de Abril
7. Ciclismo e Educación Vial. 3º trimestre
8. Semana Branca en Andorra. Xaneiro de 2023

ÁMBITO TEMPORAL 4: DENTRO DO CENTRO E FÓRA DO HORARIO LECTIVO

Actuacións e actividades

1. Actividades extraescolares de actividade física organizadas a través do Concello no ximnasio e no pavillón do centro (baloncesto, danzas urbanas,...). Todo o curso.

2.3. ANÁLISE DIAGNÓSTICA DAFO

Tendo en conta a realidade do noso centro establecemos as necesidades externas e internas, segundo a técnica de análise DAFO.

- **En canto á análise interna:** Agora realizamos unha visión da situación do propio centro, digamos que illándoo do contorno que o rodea e considerando os seus puntos



fortes ou **fortalezas** (que tratamos de potenciar, como aspectos positivos que son) e as súas **debilidades** (que procuramos eliminar ou limitar, pola carga de negatividade que impoñen impedindo acadar os obxectivos desexados).

- **Respecto á análise externa:** Cando observamos o mundo exterior que rodea o centro educativo, temos que identificar as **ameazas** que dificultan a propia marcha do centro (que haberá que superar ou polo menos minimizar ou conter) pero tamén as **oportunidades** que poden ser unha importante axuda para o cambio se as sabemos aproveitar. Tense en conta aquí, por exemplo, factores demográficos, económicos, sociolóxicos, culturais, legais...

INTERNAS	FORTALEZAS	<p>A implicación de parte do profesorado na formación permanente do profesorado en innovación educativa dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) e a posta en marcha dun grupo de traballo para o deseño do Plan de Promoción de Estilos de Vida Saudable a incluír no Proxecto Educativo e Funcional.</p> <p>A implicación do profesorado de Educación Física na posta en marcha dun Plan Proxecta “Proxectos de Vida Activa e Deportiva”.</p> <p>Apoio da CCP coa aprobación da proposta de ofertar a materia de libre disposición de afondamento de Educación Física en 2º da ESO.</p> <p>A implicación doutro profesorado doutros departamentos na posta en marcha de actividades e actuacións relacionados coa promoción de estilos de vida saudable.</p> <p>A calidade das instalacións deportivas e a dotación de recursos materiais.</p> <p>As porcentaxes do alumnado que practica algunha actividade física de forma habitual.</p>
	DEBILIDADES	<p>A pouca implicación dunha minoría do profesorado na posta en marcha de actividades e actuacións relacionados coa promoción de estilos de vida saudable.</p> <p>As porcentaxes do alumnado que non practica algunha actividade física de forma habitual.</p>

		<p>A limitación a nivel organizativo e de xestión para a realización dalgunha actividades relacionada coa promoción de estilos de vida saudable (PEVS).</p> <p>Non contar con suficiente apoio da CCP respecto da proposta de ofertar a materia de libre disposición de afondamento de Educación Física en 1º da ESO, presentada no curso 2021-2022.</p> <p>Non contar con horario específico de docencia de Educación Física en 2º de Bacharelato.</p> <p>Falta mellorar a coordinación cos axentes externos da contorna no relacionado coa PEVS.</p> <p>Falta mellorar a implicación dalgunhas familias na posta en marcha de actividades relacionadas coa PEVS.</p>
EXTERNAS	OPORTUNIDADES	<p>O apoio da Inspección Educativa e a Consellería de Cultura, Educación, FP e U, na solicitude do selo de vida saudable do Ministerio de Educación e Formación Profesional.</p> <p>A formación específica dentro do PFPP, formación do CFR e CAFI.</p> <p>Contamos con alumnado e familias preocupadas pola PEVS e participan en actividades extraescolares específicas fora do ámbito escolar relacionados coa vida activa e deportiva.</p>
	AMEAZAS	<p>A limitación na oferta de materias específicas de Educación Física na ESO e no Bacharelato, segundo as concrecións dos marcos normativos e a administración educativa.</p> <p>A limitación no aumento do número de sesións de Educación Física na ESO e no Bacharelato, segundo as concrecións dos marcos normativos e a administración educativa.</p> <p>A creación dun equipo de coordinación con dotación de sesións no horario lectivo para o desenvolvemento do Plan de promoción de estilos de vida saudable, para facilitar a súa implementación, seguimento e avaliación.</p>



Realizada a análise de datos do centro pódense concretar as seguintes áreas de mellora:

1	Deporte e saúde	Actividades deportivas, sendo a maioría relacionadas co Departamento de Educación Física
2	Actividade física e saudable	Departamento de Ciencias Departamento de Linguas
3	Vida saudable	Selo de vida saudable do Ministerio de Educación
4	Saúde e prevención	Días relacionados con problemática asociada á alimentación Primeiros auxilios Alimentación e dietas Saúde mental
5	Saúde e coidados	Alerta escolar

3. OBXECTIVOS

Tendo en conta a análise da nosa realidade educativa establécense os seguintes obxectivos principais e comúns:

1. Promover unha vida activa, saudable e autónoma por parte da comunidade educativa.
2. Solicitar o selo de vida saudable do Ministerio de Educación e Formación Profesional como distintivo de calidade.
3. Incrementar a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar.
4. Celebrar datas conmemorativas relacionadas co fomento de hábitos relacionados coa correcta alimentación e a prevención de hábitos prexudiciais.
5. Coñecer os Primeiros Auxilios básicos ante lesións e accidentes e emprego da caixa de primeiros auxilios.
6. Favorecer aprendizaxes específicas dende os ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico para mellorar a vida activa e saudable.
7. Mellorar o benestar emocional do alumnado coa realización de actividades físico-deportivas.
8. Desenvolver o Plan Proxecta: Proxecto de vida activa e deportiva.
9. Coñecer os principais problemas de saúde e medidas a seguir no contexto escolar, priorizando os casos do alumnado con problemas de saúde e activando a alerta sanitaria.
10. Fomentar hábitos de estilos de vida saudables nas familias.
11. Mellorar as colaboracións co Concello, co Centro de Saúde e os clubs deportivos.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓNS E ACTIVIDADES A REALIZAR

ÁREA DE MELLORA: DEPORTE E SAÚDE						
LIÑA 4.1.	A vida activa, saudable e autónoma por parte da comunidade educativa			Acadado		
RESPONSABLES	Departamento de Educación Física			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Incremento dos hábitos deportivos no alumnado					
Valor de partida	Actividade física realizada no inicio do curso escolar					
Valor previsto e data	Actividade física realizada no final do curso escolar					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
1.1: Promoción de hábitos de vida activa e saudable (actividade física e alimentación, fundamentalmente), en Educación Física e Promoción de Estilos de Vida Saudables.	Isabel Abad Manuel Herrero Daniel García	Xuño 2023	Material propio do Dpto EF Ordenador, Internet, cortiza		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
1.2: Asesoramento ao alumnado de como incorporar no día a día a actividade física, incluso para realizala na casa (realización de circuitos de forza-resistencia sen material ou con materiais propios dunha casa, estiramientos, ioga,...).	Isabel Abad Manuel Herrero	Xuño 2023	Material propio do Dpto EF Ordenador, Internet		Realizada	
